




Sector lácteo. Deberes pendentés



A foto que fala

Nestes tempos de división, as flores nunha greta recórdannos o 27 aniversario da caída do muro de Berlín.

[Foto: Tobias Schwarz]



O trasno Xa está pasando

Daniel López Muñoz



UNICEF debería facer algo co fillo pequeno de Trump.

Algo para protexer ese rapaciño, con cara de ausente, con esa expresión estraña, escasa de empatía, que lembra por veces a dos nenos co trastorno antisocial da personalidade, que Deus non o queira, non xa por el, meu pobre –é un dicir-, senón, sobre todo, pola cousa de se o Imperio se transforma en monarquía hereditaria.

Como non protexer un neno dun educador que esbardalla desde o seu orgullo machista, que presume de que con cartos pode poñer a man onde lle pete, á que lle pete e cando

Como non protexelo dun defensor das armas, violento e insultador; que insinúa que non hai nin que remunerar o traballo dos inmigrantes pendentes de regularización, que só merecen o trato de escravos. El, que foi un inmigrante sen papeis, mira ti. Porque todo raparigo debe ser defendido dese discurso criminal que sostén que hai dúas humanidade.

O que vén é serio. Nos anos trinta foi a pasividade, a mornez de liberais e conservadores, dos partidos e forzas dominantes, o que fixo posible que triunfaran os fascismos. O soado silencio dos bos. Primeiro non se tomaban aqueles movementos e grupións

lle pete? Como non protexelo dalgúen que alimenta o discurso da supremacía branca, o do kukulkan, o que iguala negro con simio e latino con violador. Si, hai que protexelo. Porque, se fai iso en público, que contos non lle terá contado pola noite?

alborotadores moi en serio. Despois, cando empezaron a gañar poder, contemporizábase, quitábase importancia e “normalizábase” o seu discurso bárbaro. Algo como o que pasa agora: “tranquilos, cando manden xa se calman e volven ao rego da responsabilidade e o sentido común.”

É mentira que non pase nada. Xa está pasando. Tamén en Europa. Que llo digan ao repartidor paquistaní de pizzas, no Reino Unido, recentemente atacado con ácido na cara por un grupo de adolescentes de pura raza. Un crime de odio máis nunha escalada impresionante tras o triunfo do Brexit.

Non, non é un problema menor. Cómpre plantar cara alí onde nos vaia poñendo a vida: na escola e no supermercado, no traballo e no bar, na comunidade e na perruquería. E cómpre organizar a resistencia. Esa é a mensaxe para a nosa xente nova. Non valen, non abundan as redes sociais e os “vínculos virtuais”. Hai que construír sociedade real, institucións, proxectos colectivos. A nosa pasividade é a súa vitoria. Internet a súa arma.

Editorial Empobrecidos polas enerxéticas

A morte dunha muller en Reus, hai unha semana, trouxo á primeira liña informativa a realidade da pobreza enerxética no Estado. Gas Natural-Fenosa procedera ao corte da luz á vivenda había dous meses, debido a que esta muller de 81 anos non podía pagar os recibos, o que a levou a se iluminar con candeas, e unha delas provocou o incendio na madrugada do 15 de novembro. Malia que en Catalunya está vixente a Lei contra os desafiuzamentos e a pobreza enerxética, que obriga as compañías enerxéticas a comunicarlles previamente ás Administracións calquera corte, para garantir que, por motivos económicos e sociais, ninguén fique sen subministro electrónico, a compañía eléctrica actuou a sabendas contra esta lei, deixando na indefensión absoluta a reusense. A súa morte non foi unha traxedia illada, é a punta do iceberg do sufrimento no que

En ningún caso a enerxía pode ser un ben de luxo

están a vivir un gran número de familias desde o inicio da crise: a imposibilidade de garantir os servizos básicos para a subsistencia. E en Galiza, cunha produción eléctrica excedentaria, estamos a aturar as inconveniencias dos procesos de xeración, sen notar unha mellora para o conxunto da poboación, e mesmo padecendo unha electrificación rural aínda penosa.

Cómpre reivindicarmos que o uso da enerxía é un dereito básico, recoñecido pola Declaración Universal dos Dereitos Humanos e pola Constitución Española. En ningún caso, coma nos lembra Som Energía, unha das cooperativas do sector, a enerxía pode ser un ben de luxo. Mais a realidade é que se converteu nisto, xestionada por un oligopolio de empresas, ás que todos coñecemos polo nome e pola súa profusa publicidade nos medios, que controlan o mercado, empobrecendo as familias ao tempo que gañaron máis de 56.000 millóns durante a crise (datos de fins de 2015 e referidos unicamente a Gas Natural, Iberdrola e Endesa).

A pobreza enerxética mata. Os recortes matan. A regulación do mercado eléctrico mata. O capitalismo mata. Hai unha clara responsabilidade, por acción e omisión, das diferentes Administracións públicas nestas mortes. A lóxica de funcionamento das empresas, na busca unicamente do lucro, é perversa, que non se pode escusar no funcionamento do mercado, senón no incumprimento flagrante das leis (leis inxustas que castigan máis a quen se engancha á luz sen contrato que aos que están a provocar mortes e doenzas ao lle cortaren o acceso).

E nós? Temos algún papel nesta realidade?

Rumores de esperanza


Xan Guillén

“A ti gústache o cine ou as películas americanas?” Así comezaba o facheiro do número anterior. Quedo coa pregunta e coa recomendación do filme de Ken Loach. E tamén quedo coa cantidade de bo cinema que se fai polo mundo adiante e que non entra nas carteleiras dos supermegacines dos supermegacentros comerciais que hai nas cidades. Alí onde comes o mesmo ca un señor de Oklahoma City, atopas a mesma vestimenta que vai poñer unha señora de Hanoi e ves o mesmo filme co mesmo tipo de flocos de millo ca un adolescente de Marrakesh. Sonvos cousas da globalización. De todos os xeitos, hai dúas experiencias en Santiago que rachan con esta dinámica cinematográfica. Por unha

parte está Numax, que leva un tempo traendo cine alternativo a Galicia de xeito moi efectivo. Por outro lado está Cineuropa, que este ano cumpre 30 anos de oferta alternativa.

Os que pasamos polas aulas universitarias compostelás lembramos con cariño os días de cine no mes de novembro. Agardar a comprar a entrada, agardar a entrar á noitiña, ver unha película da que tiñas poucas referencias e, en moitos casos, acertar ou, de cando en vez, equivocarse e ver unha malísima película. Así, pouco a pouco, fomos vendo cine diferente do que vén do imperio. Vimos creacións que supuñan unha forma diferente de facer cine. Longa vida a Numax e Cineuropa.





1



3



2



4

A peneira

1

No cabodano de Pepe **CHAO**, celebramos o 27 a súa memoria na Eira de Xoana, no colo da Terra Nai, con palabras partilladas: "A xeito de encargo e testamento para o discipulado, por parte de quen sabe que a súa xeira está xa moi avanzado. Graciñas, Pepe. Non te defraudaremos" (Xaquín Campo).

2

O Día de Solidariedade con **PALESTINA**, o 29, denunciámos dez anos de bloqueio de Gaza e 67 de invasión, machucando a xente e espoliando as 800.000 hectáreas colonizadas polos xudeus. Os palestinos só poden pescar a tres millas cando as leis internacionais permiten a 20, como acusan no Festival de Cine dos Dereitos Humanos.

3

O 2 é a xornada a prol da abolición da **ESCRAVITUDE**. 36 millóns de persoas viven coma escrav@s e 168 millóns menores de 17 anos, como se fosen obxectos para os nosos beneficios: consumo de roupa barata, etc. Máis preto temos o tráfico de mulleres e nenos, un terzo da trata.

4

A muller na costa, sendo vital, é marxinalizada. Son o 82% do marisqueo e o 36% do sector: redeiras, **PESCADORAS...**, sen relevo. Non rematan a formación por non teren praza para prácticas e néganlles o recoñecemento das enfermidades profesionais. Lideran 14 de 63 confrarías. Na foto, Raquel Souto é patroa da de Cabo de Cruz

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O 5, celebramos coa igrexa evanxélica Boas Noticias de Lugo a colaboración coa ONG "Mocidade cunha Misión" achegando **VOLUNTARIOS/AS**, ou acolledo o mauritano Obama, emigrado nun caiuco ás Canarias, detido, e despois voluntario nela. Na foto, Elías Cardoso en Sudáfrica.

6

O **CULTURAL**, do 2 ao 4 en Pontevedra, agasalla cunha mostra da nosa creación a través de 81 entidades, analizando a música, o teatro, a televisión pública, a "Ciencia á Feira" e reivindicando unha alimentación sa. Na foto, "Horta Agrelo" de Bueu, apostando por un agro sostíbel.

7

O 4 Herbamouira de Betanzos convida ao I Foro Labrego de **AGROECOLOXÍA**, máis produtiva e eficiente para a soberanía alimentaria nos países pobres -ata un 79%, e con 1,7 toneladas/ano de produción media por fogar, conservando os recursos naturais cos mínimos elementos externos.

8

Somos os primeiros en sinistralidade **LABORAL** do estado. Medran os accidentes, 74 ao día no primeiro semestre: 27 mortais, sete de cada dez en servizos, seguido da industria, e incrementan as enfermidades laborais (14 dos 19 diagnosticados de cancro foron producidos por amianto).

Economía Achegándose ao Nadal como agasallo

Pedro Pedrouzo Devesa

Irimia vai colaborar coa anticipación navideña que vivimos en Occidente. Si. Xa logo é Nadal, todo se viste de Nadal, así que falarei de Nadal antes de que chegue Nadal. Hoxe quero recrear a esencia profana navideña, que tamén é humana e desconcertante polo contradictoria e apaixonada que resulta. E como boa festa profana que é, tamén conta coa súa particular trindade: a lotaría, os agasallos e a fartura.

A terceira semana de novembro esgotouse a lotaría navideña no meu traballo. Eu ficara sen ela sen maior preocupación. Pero aqueles *afortunados* posuidores dun décimo aventurábanme cun sorriso de esguello o estado mental no que me sumiría no caso de ser o único desafortunado en non recibir parte dese premio que moitos soñaban con obter. Xa vos adianto que non creo que fose sufrir moito, pero... nunca se sabe como reacciona a cabeza en circunstancias adversas ;).

A lotaría debe ser algo así como o paraíso anticipado, coa diferenza de que mentres que este nos está

reservado de seguido a toda a humanidade, a lotaría vén mellor definida coa evanxélica frase de

“moitos son os chamados e poucos os elixidos”. Que a sorte lles acompañe, pero dá vertixe esa aceleración económica que pode tolear a calquera. Eu, polo que poida pasar, tento vacinarme e prefiro coquear coa segunda persoa da profanísima trindade nadaleña: os agasallos.

Os agasallos son tan fermosos como comprometedores. Raramente son de balde e a moitos nos mergullan nun elo de compromiso do que é difícil escapar. Se me agasallan, debo agasallar. Pero, é iso un compromiso ou unha gracia bendita? E dígoo no sentido máis inocente que poida ter esa dobre palabra. O agasallo obríganos a nos abrir, a cavilar en como reaccionar e corresponder a aquel que, tomándonos a dianteira, pensou nalgo que nos agrada, por uns segundos fíxonos fillos da gracia..., e agraciounos cun pensamento cercano que se fixo verbo e materializouse no agasallo.

E a fartura... Que dicir da fartura que nos invadirá mentres non nos demos sacado de diante a miseria na que viviron os nosos maiores, e que hoxe rodea a tantos millóns de persoas ás que tememos abrir o corazón, as escolas, os barrios e as fronteiras. Estamos *entrumpados* nunha espiral de medo de clase. Mentímonos cando nos queremos ver como non racistas. Somos racistas, e de aí que teñamos que esforzarnos a diario en posibilitar a difícil e necesaria integración que debe cimentar os nosos barrios.

Seguimos pedindo desde aquí, a todos eses gobernos que nos fixeron soñar, que anticipen o paraíso nas nosas vilas, que nos axuden a enfraternizarnos con vós, veciños *moros, sudacas e negros*, os que aprendimos a chamar doutra forma para ocultarnos que somos racistas. Necesitamos que eses gobernos creen espazos onde nos coñezamos, onde escoitemos a vosa música e minoremos a fenda laboral; que aprendamos a mimar como vós mimades os nosos vellos e nenos, e vós descubrades que algo da dureza destes países máis fríos que os que vos viron nacer tamén é necesaria. Necesitámonos coñecidos, domesticados, próximos. Necesitamos anticipar o Nadal.

o Nadal, como boa festa profana que é, tamén conta coa súa particular trindade, a lotaría, os agasallos e a fartura.



O peto común Luz para o camiño

Josecho de la Torre Culler

Entramos no Advento, primeiro tempo litúrxico do ano. Son catro semanas de preparación espiritual agardando a chegada de Xesús, pero ben poden valer para preparar e reflexionar sobre algúns dos camiños polos que hoxe non se transita axeitadamente. É por iso, querido Peto de San Antón, polo que acendo catro candeas en cada un destes camiños:

1º **O camiño dos refuxiados.** A día de hoxe, soamente se alcanzou o 3% da cota de acollidos fixada pola Axencia de Migración da UE. A guerra en Siria continúa como en moitos dos lugares de onde procede cada un dos refuxiados. Polo medio, milleiros de nenos, da man dos seus proxenitores, buscan a luz que alumee o camiño da esperanza. Nas nosas mans está que esa luz non se apague no Mediterráneo.

2º **O camiño do emprego.** Nese camiñar que facemos a diario cruzámonos con moitos deles: na cola do paro, na do comedor social, na rúa, na casa propia, na do veciño... hai moita escuridade naqueles que fan números para chegar a fin de mes. Son desempregados. É preciso que os gobernantes sexan quen de alumear políticas para milleiros de fogares, para centos de mozos que cada ano collen a maleta nas busca do que aquí non atopan.

3º **O camiño da educación.** Os deberes para a casa, o acoso escolar, a ausencia dun pacto educativo, os cambios metodolóxicos... están de moda, á orde do día. A educación determina unha sociedade e a nosa está vivindo un período de inseguridade, e o fracaso escolar, que sempre deriva noutros problemas, segue sendo materia pendente. É de urxente necesidade colocar unha luz neste campo e darlle a dose de claridade precisa para que os nosos nenos atopen nas escolas un lugar de aprendizaxe real para afrontar o futuro.

4º **O camiño de Xesús.** Non está de moda. Con todo, a luz segue acesa e o camiño é transitable, aínda que os nosos ollos non o vexan. Acender unha luz preto de nós para ver a Aquele que sempre está ao noso carón prepáranos para vivir un Nadal real.

Que a luz alumee estes e cada un dos vosos camiños.



O CARRABOXO por ROBE LOIS



O sector lácteo, un ano despois das mobilizacións: cousas que aprender da Bretaña

Pouco máis dun ano despois das grandes mobilizacións e tractoradas do sector lácteo galego, reina a desinformación nun asunto clave para o noso rural e para o país galego. O lácteo é, sen dúbida, un pilar estratéxico da economía galega. Moito nos cómpre aínda mirar que podemos aprender doutros sitios e dos nosos propios erros. Comentamos estas cousas nesta primeira entrega dunha entrevista con Xosé Salvatierra Rico, técnico agrario, e sempre militante dunha Galicia rural avanzada, ecoloxicamente sustentable e economicamente viable. E da súa man poñémosos ao día.

Como está a situación dos produtores de leite despois das mobilizacións de setembro do 2015?

A fin das cotas lácteas o 31 de marzo de 2015 parecíalles aos gandeiros galegos un alivio da carga que levaban soportando desde o ano 1992. Semeλλάlballes que agora terían o camiño despexado para producir sen esa limitación. A cota, para moitos deles, opinaban, era o primeiro dos males da súa explotación. Agora imos defendernos mellor, dicían, ao non termos un teito para medrar, en número de vacas e en produción. Algúns xa empezaran a tomar velocidade, nestes dous parámetros, varios meses antes, para adiantar a outros polo camiño.

Veú así, de forma repentina, un aumento da produción en torno a un 3-4% en Galicia, e tamén noutras partes de España e de Europa.

Consecuencia? Saturación do mercado, que ademais coincide coa diminución do consumo a nivel mundial, o parón de China na compra de leite en po e a prórroga do veto ruso aos produtos lácteos europeos.



De todo isto e máis cousas, nacen as mobilizacións de setembro do 2015, coa caída dos prezos nos meses precedentes, que chegaron a situarse en 0,277 euros de media en Galicia en agosto dese ano.

Nesas datas, estábase ultimando o famoso “acordo lácteo” a nivel es-

Agora a cota márcalla a industria a cada granxa e pode deixar de lle recoller cando lle conveña

tatal entre industria e distribución, que asinan o 22 de setembro. Ao dito acordo súmanse as cooperativas e o sindicato Asaja. Quedan fóra Upa e Coag. Todos eles, en presenza da Ministra de Agricultura, como árbitro.

Do que se dixu, que quedou en papel mollado...

Poucos meses despois, en efecto, xa se puido comprobar que era papel mollado. As industrias seguían sen establecer ningún tipo de negociación para a sinatura de contratos. Estes terían que ser dun ano, segundo o acordo, pero coa renuncia asinada do produtor, podíase facer por menos tempo. De aí que a maioría dos

contratos se veñan facendo a tres ou seis meses. A industria preséntalle ao produtor o contrato xa cuberto, onde figura o tempo de vixencia e o prezo. Ou o tomas, ou déixalo. Na maioría dos casos, non hai outra industria que lle faga competencia nese percorrido, excepto que escasease o produto.

Non cambiou nada, tan só que agora o contrato é obrigatorio para a industria, mentres lle recolla o leite. Se mañá non lle renova o contrato, pode deixar de recollerllo.

Ese acordo non impediu que os prezos ao produtor seguisen á baixa no último ano...

Pois podemos contar esa baixa en torno a 1-2 céntimos. Dous céntimos fora ao que se comprometera unha distribución de marca branca a subirlles aos consumidores, a principios de ano, unha marca que envasa leite dunha industria francesa, para que esa cantidade fose ao produtor, a través da industria. Pero aínda que

a distribución cumpriu algún tempo, non o fixo a industria nesa contía, senón que a algún produtor mesmo lle baixou o prezo.

Con todo isto, poderíamos concluír que a situación non cambiou a mellor, ou mesmo empeorou. Antes do final das cotas, había un tope de produción para cada Estado e para cada explotación, a recollida era obrigatoria. Agora a cota márcalla a industria a cada granxa e pode deixarlle de recoller cando lle conveña. Isto leva o sector a desconfiar deste tipo de acordos, onde os incumprimentos non son penalizados e onde a Administración non se enfronta ao poder da distribución, que, por outra parte, se comprometera a non utilizar o leite como produto de reclamo nas grandes áreas comerciais. Onde están os controis das Comunidades Autónomas para ver se incumpren a lei de boas prácticas comerciais, con vendas a perdas?

O sector segue a ser moi mellorable, tal e como nos tes indicado en numerosas ocasións...

O sector segue desestruturado. Cun sistema de produción moi intensivo e, polo tanto, con custos moi altos, que,

nas fases de prezos baixos de venda do leite, entra en perdas, perdas que para algún que non teña liquidez poden ser a ruína. Non terá máis saída ca o peche, se o prezo non se recupera rápido e de forma sostible.

Recentemente tiveches ocasión de visitar a Bretaña, nunha visita de estudo en granxas desa bisbarra atlántica con tantas similitudes con Galicia. Que leccións deberíamos aprender?

Na Bretaña, un gandeiro é unha persoa ben vista pola xente urbana e pola cidadanía en xeral

Da Bretaña estamos moi cerca fisicamente. En liña reta, cuns bos prismáticos, case nos podemos saudar en días claros. Pero no tocante ao sector produtor de leite, estamos moi lonxe deles. Explicarei por que.

A visita á Bretaña foi na primeira semana de xullo deste ano 2016, cun grupo de 10 produtores de leite de Asturias e Galicia que están no grupo de xestión de explotacións de leite

de Xan Pouliquen. Todos os anos fan una visita fóra de Galicia. O ano pasado estivemos en Navarra.

Leccións, dis? Pois, por exemplo, a profesionalidade. A formación, por termo medio, é moi superior. Ninguén se incorpora á explotación sen unha formación equivalente a ciclo de grao superior en formación agro-gandeira, como mínimo. Hai bas-

tantes con título universitario, como enxeñeiro agrónomo ou veterinario, etc. Isto é normal en Francia, en xeral. Ademais, todos traballaron noutras granxas antes de incorporarse á súa. Incluso saen fóra de Francia, para ver o que hai por Europa. Xa lles queda pequeno o seu Estado.

O que si chama a atención sempre é o seu orgullo campesiño

Pois si. Están francamente (nunca mellor dito) orgullosos de traballar no rural. Na Bretaña, un gandeiro é



Pepe Salvatierra (quinto pola dereita) cos integrantes da visita a Bretaña.



ritorial, da superficie por vaca, para facer sustentable unha explotación e de como iso non sempre se respecta en Galicia. Cal é o contraste coa Bretaña?

Efectivamente. Teñen bases territoriais que fan sustentables as súas explotacións. Andan con cargas de unha vaca por hectárea. Aquí en Galicia, ándase con máis de 2 vacas, e incluso 3, por hectárea. Eles case non compran nada fóra. Non hai terra que estea sen producir nada. Todo está ocupado con algunha cousa. Cultivos de todo tipo, bosque ordenado, horta, árbores froiteiras, etc. Tamén chaman a atención as boas comunicacións no rural e a súa boa conservación.

Non quería deixar de falar de certos feitos sintomáticos. A calidade e a cantidade do seu asociacionismo -técnico, cultural, veciñal, etc. Mira, hai gandeiros que reciben unha ou dúas revistas semanais no seu domicilio, que tratan temas de todo tipo relacionados co sector. Esta que teño na man, que me facilitaron en Bretaña, que sae cada semana, chámase *Terras Agrícolas da Bretaña*. 39 páxinas. En cor, con papel reciclado, por subscripción de 1 euro por número. Temas destacados neste número? Crise no leite, porcino, entrevista a dous produtores que se incorporaron no 2015, enfermidades no millo forraxeiro na

una persoa ben vista pola xente urbana e pola cidadanía en xeral. Produce alimentos, ocupa o territorio, coida da paisaxe. Subministra produtos á agroindustria, que, por certo, en Francia esta moi desenvolvida, é moi potente e crea moitos postos de traballo. O ministro de agricultura francés, de todos os que conforman o goberno, está entre os tres ou catro primeiros en rango de poder político e económico, de entre os vinte e dous que conforman o goberno. Para o Estado francés, o sector agrario é clave para a ordenación do territorio e a fixación da poboación. Cumpren ao pé da letra o refrán: “Non hai paisaxe sen paisanaxe”

O que siga o Tour de Francia un ano calquera pola TV, xa se dará conta do que lle estou a falar, aínda que non visitase Francia. Verá como está ocupado e coitado o territorio.

E en cando á organización do sector?

Teñen un sector gandeiro moi ben estruturado a través de organizacións agrarias desde hai moitos anos: cooperativas, grupos de asesoramento

técnico e económico... e os CUMAS, que son cooperativas de uso en común de maquinaria. As primeiras foron constituídas nos anos 50. Hai CUMAS de máis de 200 socios, abarcan ata 4-5 concellos.

Non teñen problemas? Claro que os teñen. Pero dispoñen de máis recursos para resolvelos. Están máis formados. Teñen os servizos das cooperativas, técnicos das cámaras agrarias, onde

Eles andan con cargas de unha vaca por hectárea. Aquí en Galicia, ándase con máis de dúas, e mesmo tres

estes profesionais son empregados da Administración, non de empresas que buscan o negocio, etc. Teñen investigación. Terras colaboradoras coa investigación práctica. E boas escolas agrarias. Só nun departamento (provincia) da Bretaña hai sobre 25-30 escolas agrarias. En Galicia temos 4, e non están completas.

Nunha entrevista anterior falabas da importancia da dimensión da base te-

primeira fase de crecemento, transformación de produtos na granxa. En titular destacado: 19 000 persoas visitaron en domingo 20 granxas abertas ao público nos últimos catro anos. A relación produtor-consumidor. E así máis temas. 39 páxinas dan para bastante. E para a semana seguinte, outro tanto.


Canto nos falta para chegar a este nivel...?

Utopía

Calquera persoa que teña demasiado apego polas cousas materiais ou polo espello, a quen lle gusten os cartos, os banquetes exuberantes, as mansións suntuosas, os traxes refinados, os autos de luxo, aconsellaríalle que se fixe que está pasando no seu corazón e rece para que Deus o libere desas ataduras. Pero, [...] o que teña afección a todas esas cousas: por favor, non se meta en política. Que non se meta nunha organización social ou nun movemento popular, porque vai facer moito dano a si mesmo e máis ao próximo e vai manchar a nobre causa que enarbora. Tampouco que non se meta no seminario.

Fronte á tentación da corrupción non lles hai mellor antídoto cá austeridade moral, persoal, predicando co exemplo. Pídolles que non subestimen o valor do exemplo, porque ten máis forza ca mil palabras, ca mil “gústame” [nas redes sociais], ca mil rechíos, ca mil vídeos de Youtube. O exemplo dunha vida austera ao servizo do próximo é a mellor forma de promover o ben común.

O Papa Francisco
5 de novembro de 2016



A NOSA LUZADA ILUMINARANOS A TODAS



O pasado 5 de novembro, a Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria celebrou no auditorio Cersia de Santiago os seus 20 anos. Acompañáronnos unhas 80 mulleres de diferentes grupos e asociacións da Galiza, e tamén de fóra da nosa terra. Queremos agradecer de xeito especial a presenza das mulleres de Donnes en l'Esglesia por la Paritat, de Cataluña, e as Donnes Creients de Valencia. Vaian estas liñas para partillarvos a todas as emocións e vivencias dese día.

Celebramos moita vida

Celebramos moita vida, tivemos como símbolo o número doce, doce eran as tribos de Israel, o Pobo de Deus, e “doce” tamén foi a xornada. Iniciámola coa música da danza de bendición, e cun camiño de luz feito por unha ringleira de 12 mulleres portadoras da luz, símbolo de toda a xornada. A nosa compañeira Pilar acolleu e abriu o día con palabras de agradecemento por estes 20 anos de camiño, no que fomos descubrindo que a primeira relación onde practicar a *arte do coidado* era con nós mesmas, coa muller que cada unha somos, e tamén coas outras, respectando as opcións e decisións de cada unha, enriquecéndonos na circularidade que reconece autoridades mutuas e inventando modos *entrañables* de exercer os liderados e celebrar a fe co noso propio estilo, desde unha gran liberdade. Fomos aprendendo tamén a atopar o noso lugar como *Asociación feminista cristiá* nos diferentes colectivos sociais, feministas e eclesiais, un lugar fronteirizo que non sempre resulta cómodo, pero que nos posibilita ser ponte de diálogo entre persoas e colectivos ás veces distantes.

Alumeounos a teoloxía feminista

Alumeounos a teoloxía feminista na voz da teóloga Adelaide Baracco, membra da Asociación de Teólogas de España, que nos falou da de-cons-

trucción como unha opción esencialmente cristiá. Nun percorrido rápido pola mística da acción nas vidas de Xuliana de Norwich (s. XIV), Ety Hillesum (s. XX) e María Skobtsova (s. XX), fíxonos ver o empoderamento que nos aporta a mística entendida como capacidade de incidir na realidade, mirándoa non como escándalo senón como sacramento da Presenza. Adelaide falounos tamén da Igrexa, e utilizou un símbolo novo: a Igrexa-iceberg, mergullada no Misterio, espazo crístico do Espírito, en Deus.

Agradecemos un camiño de moitos anos de reflexión, celebración e loita

Rematamos a mañá con Susana Sánchez Aríns, muller comprometida en **Implicadas no Desenvolvemento**, ONG que, desde a perspectiva de xénero, traballa na reflexión, colaboración e acción. O primeiro que fixo Susana foi “descolocarnos”: remexeunos fisicamente a todas, poñéndonos en xogo, para que fofamos facendo pensamento dende nós mesmas, pasándoo polo corpo. Xogando, conectamos co fondo do que nos gusta, do que nos move, do que nos incomoda, para aprender a nomear e identificar visión androcéntrica, violencia simbólica, violencia machista... Aprendemos a detectar a realidade xogando coas palabras... ata caer na conta da importancia da participación e de como é o xeito co que queremos construír as mulleres...



Anotamos maneiras de facer camiño creativo (Artivismo), tecendo redes en comunidade, descubriendo a AXUDA MUTUA como xeito básico para cambiar o mundo e implicarnos no desenvolvemento. A transformación empeza en nós, modificando o noso entorno, traballando desde o local.

Tivemos un xantar compartido

Tivemos un xantar compartido moi entrañable, que alimentou complicidade, foliada, risas e charlas, e rematamos cun momento de celebración ao noso máis puro estilo. O Evanxeo anunciounos que non se pode agachar a luz e a voz de Exeria convocounos para a amizade. Desde o alén, a súa luz uniuse ás nosas para lembrar e celebrar estes 20 anos de luzadas. E así demos conta da nosa historia, contada en clave de aprendizaxes na voz das mulleres que, ao longo destes 20 anos e desde os diferentes liderados, nos sostiveron a todas. Recoñécemolas como mulleres sabias, parte de nós, que no moito e no pouco axudaron a facer camiño coas outras. Elas son quen de representar para todas a identidade, o crecemento, a sabedoría, o liderado, o apoio, a dispoñibilidade, a verdade, a aceptación, a solicitude e o gozo das Mulleres Cristiás Galegas.

Decatámonos de que o gozo da celebración alumea a esperanza

Ao tempo que falaban as compañeiras, fomos prendendo as luces da nosa vida como asociación, decatándonos de que o gozo da celebración alumea a esperanza, fainos a vida máis feliz, aporta transcendencia, fainos vibrar desde o centro do noso ser... e cantamos ao son das pandeiretas *A voz das amigas*, de Leilía:



*Miña irmá, miña irmá, miña amiga,
tan igual a min e tan distinta*

*TODAS XUNTAS NON TEMOS
FRONTEIRA, VEN COMIGO
MIÑA COMPAÑEIRA.*

Agradecemos a historia desta nosa Asociación

Agradecemos a historia desta nosa Asociación, que leva percorrido un camiño de moitos anos, de reflexión, celebración e loita. A luz é o eixo e signo da nosa historia. De lonxe chéganos a luz de Exeria e a de tantas mulleres sabias que bendín o noso camiño, que o están a facer con nós. E cantamos á Crista, á luz que nos alumea, lume da nosa fe, mentres prendiamos as candeas da torta...E seguimos en danza, bailando en círculo arredor da torta de aniversario a danza de bendición, coa que chegamos ao momento de soprar as candeas....

Foi o momento máxico de pedir un desexo, pechar os ollos e soprar.... So-

prar para seguir alentando, celebrando, desexando, cumprindo e camiñando. Soprar con forza candeas que alumean unha nova vida. Soprar con aires de parto, desexando a chegada desa nova vida que purra por saír das nosas entrañas e que recibimos cun aplauso...

Logo de soprar as velas, partimos e repartimos anacos desa historia en forma de torta. Unha torta doce, amasada entre todas coa mestura dos ingredientes que cada unha aporta, que leva o noso alento e o de moitas outras... e que acompañamos coa dozura do viño, que nos quenta e abriga o espírito mentres cantamos a canción da *Deusa antiga*, de Leilía.

As pandeiretas seguiron a soar e os nosos corpos a cantar e bailar nunha festa rachada, foliada compartida.

Felicidades, Exeria!! Longa vida e moita luz!!

O noso taboleiro

Liquidación de libros da Editorial Sept

A Asociación Encrucillada ofrece diversos títulos da Editorial Sept. Quen os desexe, pode solicitalos a través do correo revista.encrucillada@gmail.com. O prezo é de 5 euros (para cubrir os gastos de envío).

Título	Autor
DO TERROR DE ISAAC O ABBA DE XESUS	Andrés Torres Queiruga
DIALOGO DAS RELIXIONS E AUTOCOMPRESION CRISTIA	Andrés Torres Queiruga
REPENSAR A RESURRECCION	Andrés Torres Queiruga
INFERNO E GLORIA	Celestino García Romero
CHORIMAS	Manuel Regal Ledo
BENQUERIDOS AMIGOS	Manuel Regal Ledo
CO EVANXEO POLA MAN	Manuel Regal Ledo
O INTELLECTUAL GALEGO E DEUS	María Luísa Brey
HISTORIA DA IGREXA GALEGA	Varios
GALEGOS E CRISTIANS	Victorino Pérez Prieto
AINDA E DE NOITE. LITERATURA GALEGA SEC.XIX E CRISTIANISMO	Xosé Alvilares
OS CANTARES DO CANTAR	Xosé Carlos Rodríguez Herrán
REMEXER ROMA CON SANTIAGO. O CAMIÑAR HISTORICO DA EXPERIENCIA CRISTIÁ	Xosé Chao Rego
DA CECA A MECA: DIÑEIRO E PROFECIA	Xosé Chao Rego
NA FRONTEIRA DO MISTERIO - CREDO PARA XENTE NON CREDULA	Xosé Chao Rego
MISTERIO DO LUME	Xosé Chao Rego
HOMES DE FOLE. CONVERSAS DE ANXEL FOLE CON XOSÉ DE CORA	Xosé de Cora
NOVA CONCIENCIA NA IGREXA GALEGA	Xosé M. Rodríguez Pampín
CONVERSAS CON GONZALO TORRENTE BALLESTER CON CARLOS G. REIGOSA	Carlos G. Reigosa
REGRA DE SAN BIEITO	



Deputación
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripcións@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182


IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.shtml>



Boa Nova



DOMINGO 4 DE DECEMBRO. 2º DE ADVENTO A PALABRA. Mt 3, 1-12

Naqueles días apareceu Xoán Bautista no deserto, proclamando: «Convertédevos, que xa chega o Reino dos Ceos.» El era de quen dixeran o profeta Isaías: *Unha voz clama no deserto: Preparade o camiño do Señor, endereitade os seus vieiros.* Xoán ía vestido con pelos de camelo e cun cinguiheiro de coiro no van, e mantiñase de saltóns e mel bravo. Ía onda el xente de Xerusalén, de toda Xudea e mais da banda do Xordán. Confesaban os seus pecados e el bautizáboas no Xordán. Como se decatara de que moitos fariseos e saduceos viñan a que os bautizase, díxolles: «Raza de víboras! Quen vos ensinou a fuxir do castigo que está a chegar? Dade froitos dignos dunha verdadeira conversión, e non vos fagades ilusións dicindo entre vós: “Somos fillos de Abrahán”, porque vos aseguro que Deus pode sacar fillos de Abrahán mesmo destas pedras. Xa está a machada posta contra a raíz das árbores, e toda árbore que non dea froito hase cortar e botar ao lume. Eu bautízovos con auga para que vos convertades. Pero o que vén detrás miña é máis forte ca min, e nin tan sequera son digno de lle levar as sandalias. El havos bautizar co Espírito Santo e con lume. Porque trae a forcada na man, para limpar a súa eira e na hucha recoller o trigo; e ha queimar a palla nun lume que nunca se apaga.»

A PALABRA

A CLAVE

Cambiar, descentrarse, apostar polo diferente, deixar as seguridades e lanzarse na procura da outra, do outro. O Evanxeo de hoxe marca o camiño do tránsito entre o antigo e o novo.

Presenta a un Xoán vestido como un novo Elías, prototipo do profeta veterotestamentario, que se abre a un lado e deixa pasar a unha nova xeración profética encabezada por Xesús. O Pobo de Israel deixa paso á Igrexa, a tribo de Leví bótase a un lado do camiño ante a irrupción na Historia dun novo pobo de sacerdotes, profetas e reis...

E así ten que ser. Igual que unha nai se bota a un lado con alegría cando ve á súa filla tomar na súa man as rendas da súa vida, así Xoán se aparta ante a chegada do Reino que trae Xesús, a Cristiandade apártase para deixar pasar ao Pobo de Deus nacido do Concilio Vaticano II, e o patriarcado tense que facer a un lado para dar cabida á *ecclesia*, a comunidade de iguais. Ou non é así? As resistencias poden ser moitas, pero o avance é irrenunciable, e canto máis facilitadores sexamos dos avances, e máis sorriamos ao ver ao mundo cambiar, máis estaremos deixando fluír o Reino, facendo posible a encarnación.

Marisa de Corne

Esta última semana unha rapaza transexual preguntaba nun foro de fb se se podía bautizar de novo, co seu novo xénero e novo nome. De contado apareceu un experto do saber canónico, foi tallante: *non se pode repetir o bautismo.* Ao paso lembrei aqueles tempos en que eu andaba laiándome de que non se poidera repetir o bautismo, non porque cambiara de xénero senón porque acordara a el, e a un tempo comezaba a bocexar o meu ser, a miña identidade, ansiando augas novas.

Entendo a esa rapaza, mesmo lle dixen que seguramente atoparía, nalgunha comunidade de fe, quen aceptara, aínda que o houbera que crear da nada, realizar algún xesto comunitario de acollida dese novo ser que se pon en pé e di “aquí estou eu, esta son eu e este é o meu nome”. Propuxen, mesmo, axuda para elaborar a cerimonia. Con bo criterio, unha responsable de parroquia luterana inclusiva dixo que eles xa tiñan esa cerimonia e que a acollerían con mil amores. Mágoa... a rapaza era católica.

Hai días así, fundiriame coas augas do mar até non ser que maina gota salgada, bágoa que pasean as ondas agarimando as areas. A escena do baptismo de Xoan arrecende a algas, a liberdade a dozura, esa mesma que deita a paisaxe das pistas endereitadas e montes achaados, moita dozura e fresca auga; lévame a soñar comunidades, familias, sororidades e mesas de xantar onde cadaquén pode ser quen é e chamarse polo seu nome, e ser acollida con amor so por selo. Quen vén soñar comigo?

Christina

O ECO

Falando da lingua Todo aquelado...

Lidia e Valentina



Este estavos ben aquelado...

“Pois a ver se nos vemos, ho, e podemos **falar palabralmente**.” Así se despediu de nós onte á noite, cando falabamos con ela por teléfono, Belén Caballo. E explicounos despois que esta era unha expresión que utilizaba o caseiro de Bonabal, onde se celebraban os Sábados bíblicos e as xuntanzas irimegas... E seica Pepe Chao a adoptara, e ela de Pepe. Pois nós acabamos de incorporala ao noso disco duro de fraseoloxía!!! Lingüísticamente, non debe de ser moi correcta, pero é ben bonita, e ben gráfica

O caso foi que se nos fixo un nó na gorxa. Cantos recordos, xa un ano despois do seu “pasamento”. E cantos van “alá” desde aquela: uns, irimegos; outros non, pero cantos da nosa vida. E nestas fóronsenos as mans ao andel onde temos todas as revistas *Irimia* (si, desde a primeira, todas encadernadas!), baixamos un tomo, abrimos ao chou e alí atopamos “A fala é camiño”... e lemos da man de Pepe que, como dicía o profeta, “faise camiño ao andar”. Dicía tamén el que ao mellor o noso camiño é lento. Que razón tiña. E cheño de atrancos.

Unhas páxinas máis en diante demos cun artigo que titulaba “E daquela, que?”. Explicaba todos os usos deste adverbio/conxunción/contracción, así que, coma se fose cousa dun trasniño, imos aqueloutrar este artigo coas aquelas que nos ofrece “aquela”, “daquela” e “aquelar”; igual que “aquel” e “aqueloutrar...”. Sen ir máis lonxe, no parágrafo anterior dixemos que “desde aquela” cantos ían alá, e referíamnos a desde “aqueles tempos”. Tamén se pode empregar “daquela” para referirse a “naqueles tempos”; ten, nestes casos, polo tanto, un valor

temporal. “Daquela” tamén pode ter un valor consecutivo cando dicimos, por exemplo, “Está a chover, daquela temos que levar paraugas.” E pode ser simplemente a contracción da preposición “de” e o demostrativo “aquela”: “A moneca é daquela nena”. Temos tamén os verbos “aquelar” e “aqueloutrar”, que teñen un mundo de significados, valen para aquelar e aqueloutrar case todo, poden amañar o que se poña por diante... Son un comodín con múltiples significados!!! O que o teña de seu, saberá de que falamos, desde un vestido que non lle aquela nada ben, ata unha peza musical que tal pianista aquela coma ninguén, un condimento que non lle aquela nada a unha comida... E tamén podes quedar moi aquelado ou moi aqueloutrado con tal noticia...

Tamén hai quen ten “o seu aquel”, ou “un aquel”, a súa graza, o seu encanto, o seu sabor especial, ou unha graza, un encanto, un sabor especial, o significado que lle queirades atribuír.

E nós, entre estas e mais aquelas, xa aquelamos o noso artigo para esta volta...

O Fachineiro da política

Posverdade

Pois xa temos presidente. Trump, por se alguén pensa outramente. O malo é que foron outros os que o elixiron por nós, e ademais fixérono como se aquí o escolleiramos nun cásting de Gran Hermano ou nun concurso do Bamboleo. Claro que tampouco nós estamos para dar moitas leccións. En relación con esta escolla, unha das cousas que máis chamou a atención do fachineiro nestes días foi que o dicionario Oxford elixise como palabra do ano “posverdade”, que sería a tradución do *post-truth* inglés. E que vén querendo dicir isto? Pois pouco máis ou menos que os feitos non importan, sobre todo á hora de elixir os nosos e as nosas representantes. É o que dicía o propio Trump cando ase-



guraba que podería saír a pegar tiros na Quinta Avenida de Nova York e a xente habíalle votar igual. Para nos entreter tamén podíamos calcular cantos escanos sacarían Rato ou Bárcenas se o PP decidise presentalos como candidatos á presidencia. Ou Cañita Brava. A mín iso de que non importan os feitos senón as emocións, parécese máis ben que vén sendo que non importa a verdade senón a ignorancia. Isto xa o caricaturizou hai moitos anos Woody Allen cando, nunha escena dunha película súa, unha muller atopa o seu home na cama con outra. El tenta explicarse dicíndolle “A quen vas crer, a min ou aos teus propios ollos?” Pois iso.

A.Q.